XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL | SEPE

PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA

Xacobeo 2027

CEC CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DE CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA 2026/27

Impulsa o teu perfil profesional e accede a novas oportunidades laboráis.

A Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC) pon en marcha o seu Programa Integrado de Emprego 2026/2027, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

Este programa ten como obxectivo acompañarche de xeito personalizado no teu camiño cara á inserción laboral a través de accións de orientación, formación especializada e contacto directo co tecido empresarial.



Confederación de Empresarios de La Coruña

Praza Luis Seoane, torre 1, entrepranta 15008 A Coruña

pie@cec.es

981 17 41 41

pie.cec.es

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E PÚBLICO OBXECTIVO

Persoas destinatarias: Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), maiores de 52 anos.

Ámbito territorial: Provincia da Coruña (con actuacións nas zonas da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela).

Prazas limitadas: 100 participantes.

ASPECTOS INNOVADORES E VANTAXES

Intermediación sen sesgo de idade (Matching por IA)
Emprego de algoritmos de compatibilidade sobre perfís anonimizados para evitar prexuízos (ageism) nos procesos de selección.

Orientación visual co Mapa do Proxecto
Seguimento gráfico e interactivo do teu avance e fitos académicos/laborais nas titorías.

Dixitalización práctica
Aprendizaxe orientada a trámites reais da e-Administración (Chave365, Sedes electrónicas, SEPE/SPEG) e entrega de acreditacións dixitais.


BOLSAS DE ASISTENCIA E MEDIDAS DE CONCILIACIÓN

Bolsa de asistencia: 10 € por día de asistencia ás accións do programa (controlada mediante ficha de asinatura ou reporte de actividade en liña).

Conciliación:
- Horarios adaptados (quenda preferente de mañá compatible co ámbito escolar e familiar).
- Posibilidade de atención híbrida (titorías telemáticas ou telefónicas por necesidade xustificada).
- Apoio na xestión de axudas e servizos de conciliación para o coidado de menores ou dependentes.

QUE INCLÚE O **ITINERARIO DO PROGRAMA?**

Orientación personalizada: Diagnóstico inicial e deseño do teu Itinerario Personalizado de Inserción (IPI).





Formación técnica e competencias dixitais (Intelixencia Artificial, Ciberseguridade, Competencias Dixitais Básicas e Avanzadas, Seguridade Alimentaria, Loxística e Almacén, Coidados Auxiliares, CAP para condutores, Impresión 3D, entre outros).

Desenvolvemento persoal e laboral: Obradoiros de coaching, intelixencia emocional, habilidades sociolaborais e simulación de entrevistas de traballo.





Fomento do emprendemento: Obradoiros de Senior Entrepreneurship e asesoramento en trámites e axudas para o autoemprego en Galicia.

Prospección e intermediación: Contacto directo coas empresas da provincia, emparellamento obxectivo de ofertas de traballo e posibilidade de realizar Prácticas Profesionais Non Laborais (PNL).





Mobilidade laboral: Obradoiros de contorna EURES e nodos industriais/loxísticos da provincia.

COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Participación activa

Asistencia a un mínimo de **5 sesións individuais de orientación** e a un **mínimo de 3 actividades completas do programa** (cursos, obradoiros, etc.).

Avaliación

Cumprimentación dos cuestionarios de calidade ao remate de cada acción desenvolvida.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

A selección final de participantes realizarase en coordinación co Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Se cumpres o perfil e queres participar, podes poñerte en contacto con nós:

Entidade organizadora: Confederación de Empresarios de La Coruña

Praza Luis Seoane, torre 1, entrepranta 15008 A Coruña

pie@cec.es

981 133 702 / 981 174 141

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL | SEPE

PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA

Xacobeo 2027

cec CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA